



## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA SOBRE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE LIXOS OU RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS**

### **FUNDAMENTO E RÉXIME**

#### **Artigo 1º**

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e de acordo co previsto no artigo 20,4,s) da Lei 39/88 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, establece a taxa por recollida de lixos, que se regulará por esta ordenanza, redactada conforme ao disposto no artigo 16 da Lei 39/88 citada.

### **FEITO IMPOÑIBLE**

#### **Artigo 2º**

1.- O feito imponible determínase pola prestación do servizo de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2.- O servizo de recollida de lixo domiciliario será de recepción obrigatoria para aquelas zonas ou rúas onde se preste e a súa organización e funcionamento subordinarase ás normas que dite o Concello para a súa regulamentación.

### **SUXEITOS PASIVOS**

#### **Artigo 3º**

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, que resulten beneficiadas pola prestación do servizo.

2.- Terán a consideración de substitutos do contribuínte, os propietarios dos inmobles ou locais, quen poderá repercutir, se é o caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

### **RESPONSABLES**

#### **Artigo 4º**

1.- Serán responsables solidariamente das obrigas tributarias establecidas nesta ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, todas as sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.

2.- Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un



patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias das ditas entidades.

3.- Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigas tributarias infraccións, consentirán no incumprimento por quen dependa deles ou adopten acordos que fixeran posible as infraccións. Así mesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigas tributarias que estean pendentes de cubrir polas persoas xurídicas que cesarán nas súas actividades.

4.- Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigas tributarias que había o dereito a percibilas con anterioridade ás ditas situacións e que sexan imputables aos respectivos suxeitos pasivos.

## **DEREITO A PERCIBIR**

### **Artigo 5º**

A obriga de contribuír nacerá desde que teña lugar a prestación dos servizos, se ben se entenderá, dada a natureza de recepción obrigatoria da recollida de lixo, que tal prestación ten lugar cando estea establecido e en funcionamento o servizo nas zonas ou rúas onde figuren domiciliados os contribuíntes suxeitos á taxa. O período impositivo comprenderá o ano natural e terase o dereito a percibilo o 1 de xaneiro de cada ano, salvo nos supostos de inicio ou cesamento no servizo, neste caso se prorrateará a cota por trimestres naturais.

## **BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDACIÓN**

### **Artigo 6º**

A base imponible estará constituída pola clase e natureza de cada centro produtor do lixo: vivenda, restaurante, bar, cafeterías e locais comerciais ou industriais. Para estes efectos considérase como lixo todo residuo ou detrito, embalaxes, recipientes ou envolturas de alimentos, vestidos, calzados, etc., así como o produto da limpeza dos pisos ou vivendas as das mesmas clases de comercios e industrias, excluíndose os residuos de tipo industrial, entullos de obras, detritos humanos, ou calquera outra materia, onde a súa recollida ou vertido esixa especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

## **COTA TRIBUTARIA**

### **Artigo 7º**

As cotas que se aplicarán serán as seguintes tarifas:

Conceptos; Importe.-

- 1.- **Vivendas de toda clase; 41,86 Euros.**



- 2.- **Tendas, farmacias, carnicerías, peixerías, demais comercios polo miúdo, xestorías, axencias, oficinas ou similares e clínicas e consultorios; 82,54 Euros.**
- 3.- **Bancos e caixas de Aforro; 165,08 Euros.**
- 4.- **Estacións de servizo-gasolineiras; 204,71 Euros.**
- 5.- **Tabernas, bares, cafés e cafeterías:**
  - i) De superficie ata 100 m<sup>2</sup>; **110,03 Euros.**
  - ii) De superficie superior a 100 m<sup>2</sup>; **165,08 Euros.**
- 6.- **Restaurantes:**
  - i) De comedores de ata 100 m<sup>2</sup>; **137,60 Euros.**
  - ii) De comedores de máis de 100 m<sup>2</sup>; **204,71 Euros.**
- 7.- **Salas de festas, discotecas, pubs e clubs.**
  - i) De ata 150 m<sup>2</sup>; **341,13 Euros.**
  - ii) De máis de 150 m<sup>2</sup>; **682,14 Euros.**
- 8.- **Residencias, hoteis, moteis, hostais, pensións e centros hospitalarios ...**
  - i) De menos de 50 prazas; **204,71 Euros.**
  - ii) De máis de 50 prazas; **341,13 Euros.**
- 9.- **Colexios con internado, instalacións deportivas e outras grandes superficies 682,14 Euros.**
- 10.- **Supermercados:**
  - i) Ata 1.500 m<sup>2</sup>; **204,71 Euros.**
  - ii) De máis de 1.500 m<sup>2</sup>; **682,14 Euros.**
- 11.- **Talleres, industrias, almacéns e similares non tarifados:**
  - i) 1º.colector de 800 l.; **204,71 Euros.**
  - ii) 2º. colector de 800 l.; **170,62 Euros.**
  - iii) 3º. colector de 800 l. e sucesivos; **136,43 Euros.**
- 12.- **Retirada de vehículos automóbiles pequenos; 341,13 Euros.**

## **Artigo 8º**



As cotas por prestación de servizos de carácter xeral e obrigatorio cobrarase dende que naza a obriga de contribuír, esixíndose anualmente nos prazos sinalados no Regulamento xeral de recadación para os ingresos por recibo, con excepción da liquidación de alta inicial no padrón que se recadará por ingreso directo.

## **EXENCÍONS, REDUCÍONS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES**

### **Artigo 9º**

Estarán exentas as vivendas que sexan residencia habitual dos titulares de establecementos comerciais de escasa entidade, sempre que estas se sitúen no mesmo edificio no que se exerce a actividade comercial.

## **PRAZOS E FORMA DE DECLARACIÓN E INGRESOS**

### **Artigo 10º**

Todas as persoas obrigadas ao pagamento deste tributo, deberán presentar no prazo de trinta días na Administración municipal, declaración das vivendas ou establecementos que ocupen, mediante escrito dirixido ao presidente da corporación. Transcorrido o dito prazo sen presentarse a declaración, a Administración sen prexuízo das sancións que procedan, efectuará de oficio a alta na correspondente matrícula do tributo.

### **Artigo 11º**

O tributo recadarase anualmente nos prazos sinalados no Regulamento xeral de recadación para os tributos de notificación colectivo e periódica, salvo que, para un exercicio en concreto o Pleno Municipal dispoña outra cousa. Por excepción a liquidación correspondente á alta inicial na matrícula ingresarase nos prazos indicados no citado regulamento para os ingresos directos.

## **INFRACCIÓN E SANCÍONS TRIBUTARIAS**

### **Artigo 12º**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta ordenanza, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, e aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

San Cibrao das Viñas, 27 de decembro de 2007

A ALCALDESA;